

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 10 DE SETEMBRO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dez de setembro de dous mil sete; as dúas do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Don José Ignacio Gómez Pérez. Non asiste Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 3 de Setembro do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

DENEGACIÓN LICENZA OBRA MAIOR.-

“ Vista a solicitude de **don Evaristo Cruces Alvarez**, con domicilio na Franqueiran, de data 02-07-07, na que interesa a legalización dunha construción de planta baixa nun inmovible sito no Camiño do Souto, A Franqueiran.

Visto o informe técnico desfavorable, de data 06.09.07, no que se sinala:

“A planta baixa, atópase construída, ocupando a parcela ata os lindeiros laterais. (Falta cubrir augas). Razón por a que é improcedente o expediente incoado por o solicitante, salvo mellor criterio. A ubicación correspóndese cun expediente administrativo “PROYECTO DE ALMACEN PARA APEROS DE LABRANZA ANEXO A VIVIENDA”.

Expediente 17/08/200/3870-OM/1220.

Expediente que se deberá unir ao presente e que deberá ser de Reposición da Legalidade Urbanística.

A parcela sobre a que se construíu a planta baixa, ten unha superficie de 126 m² según asignación á Parcela número 32 do Polígono 6, pax 84 do Libro de Polígonos do catastro de rustica, figurando como titular D. Ovidio González González.

Sendo de aplicación por razón de superficie o Art. 19-b da LOUGA.

As condicións aplicables á Parcela 32 do Polígono 6, sonlas que lle son propias ao Núcleo Rural de A Franqueirán , sinaladas por o Art. 29, “Condicións de edificación”.

Con referencia á superficie en 1-a) que sinala **“a parcela mínima edificable non será inferior a 300 metros cadrados, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas de**

parcelas inferiores ubicadas entre outras xa edificadas que imposibiliten alcanzar a parcela mínima.

Na área de expansión do núcleo delimitada según o disposto por o artigo 13 ,a parcela mínima de edificación non será inferior a 600 metros cadrados.”.

Dita parcela foi adquirida por o propietario da vivenda situada no lindero dereito ou aire Este, e non se lle pode dar o aproveitamento como finca independente, dada a súa superficie de 126 m², pero si poderá e terá que agrupala coa vivenda existente e do mesmo propietario e á que le é de aplicación o rexime urbanístico que se establece por a LOUGA, ao novo conxunto resultante da agrupación.

Disciplina urbanística. Corresponde o edificado a obras sen licenza en curso de execución Art. 209 da LOGA aínda que posiblemente xa se este utilizando como adega almacén ou garaxe.

Por o exposto e salvo mellor criterio, dita construción non é legalizable”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda **DENEGAR A LICENZA SOLICITADA PARA LEGALIZACION DE CONSTRUCCION DE PLANTA BAIXA** en base aos fundamentos recollidos no informe do técnico municipal.”

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS.-

Expte: 27/07/2007/3677-CU/240: Vista a solicitude de **Don José Rodríguez Fernández**, con domicilio na estrada de Filguera nº 59, 2ºJ, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito na estrada de Carballeda nº 56, A Franqueran (Referencia Catastral Parcelas 47,48 e 81 de polígono 7), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 06.09.07, que literalmente di:

1. “A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

A ubicación corresponde a SOLO URBANO DE NÚCLEOS RURAIS, ordenanza 4.11 reguladora deste solo.

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, , Lei de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

- a. Ubicación que corresponde a Solo de Núcleo Rural de A Franqueirán.
- b. Son de aplicación os Art. 24 e seguintes da LOUGA.
- c. Posición frontal, será de aplicación a Lei de Estradas, Leo 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia.

d. Parcelación. En canto á modificación da estrutura da propiedade, é de aplicación a SECCION IV, Parcelacións. Art. 204 e seguintes da LOUGA.

2. Axúntase co presente informe:

a. Art. 24 e seguintes da LOUGA.

b. Plano Cartografía Oficial do N.R. a Escala 1: 5.000.

c. Plano Catastral”.

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **don José Luis González Vázquez, na representación de Casal de Arman S.L.**, con domicilio na Carrasca nº 4, Maside, en virtude da instancia nº4540 de data 28 de setembro de 2006, solicitando licenzia para a legalización de establecemento de Turismo Rural, nun inmovible sito no paraxe denominado “O Cotiño”, Santo André, deste termo municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.- RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO: que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado a zona .- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda: 1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por don José Luis González Vázquez, na representación de Casal de Arman S.L., para a legalización de establecemento de Turismo Rural, nun inmovible sito no paraxe denominado “O Cotiño”, Santo André, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións complementarias.- 2º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, aos efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa cualificación da actividade.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

Da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, Resolución de data 6 de setembro pasado, concedendo subvención para a dotación de fondos bibliográficos (1.525 euros) e mobiliario (2.426,24 euros), para a biblioteca pública municipal. Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a devandita subvención, comunicando dito acordo a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA MELLORAS DO SANEAMENTO EN NUCLEOS DE ESPOSENDE, SAN PAIO, A QUINZA E OUTROS.-

Habéndose producido un erro aritmético no acordo da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 9 de xullo pasado, a A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, dos asistentes, acorda correxi-lo, quedando o mesmo do seguinte xeito: “A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a certificación número 1 da obra denominada “Melloras do Saneamento en nucleos de Esposende, San Paio, A Quinza e Outros”, POL 2006, Obra núm. 583, por un importe total de 38.447,50 euros; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes: do Estado, 1.591,73 euros; Feder/Map, 3.714,03 euros; Feder/A.L, 23.195,38 euros; Deputación, 1.276,46 euros e Concello, 8.669,90 euros.”

CERTIFICACIÓN Nº2 DA OBRA MELLORAS DO SANEAMENTO EN NUCLEOS DE ESPOSENDE, SAN PAIO, A QUINZA E OUTROS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a certificación número 2 da obra denominada “Melloras do Saneamento en nucleos de Esposende, San Paio, A Quinza e Outros”, POL 2006, Obra núm. 583, por un importe total de 47.249,91 euros; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes: do Estado, 1.956,15 euros; Feder/Map, 4.564,34 euros; Feder/A.L, 28.505,87 euros; Deputación, 1.568,70 euros e Concello, 10.654,85 euros.”

ESCRITO ONCE.-

Visto o escrito da Organización Nacional de Cegos (ONCE), relativo a preparación dunha edición de cupons diarios a partir do mes de febreiro de 2008, adicada a Concellos de máis de 5.000 habitantes e menos de 10.000 habitantes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aceptar participar na serie de cupons adicadas a localidades que contén unha poboación de 5.000 a 10.000 habitantes.

2º.- Remitir a documentación solicitada.

ORGANIZACION FESTAS DO PORTAL 2007.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-las facturas relativas a espectáculos musicais cos grupos seguintes, segundo o teor literal que se acha nos respectivos expedientes: TRONCO RECORDS S.L. “Jarabe de Palo”, días 7 de setembro de 2007, por importe de 34.800 euros; BANDA DE BOMBEIROS VOLUNTARIOS DE AMARES, día 8 de setembro de 2007, por importe de 5.000 euros; LORMAN PRODUCTIONS ARTISTICAS S.L., (Orquesta Ismael e Charanga), días 7,8 e 9 de setembro de 2007, por importe de 8.584 euros..

CONCESION DE SUBVENCIONS.-

Vista xustificación presentada pola entidade deportiva Ribadavia Atlético o abeiro do Convenio asinado con data 14 de xullo de 2006, onde se establecían as condicións de cesión de uso e mantemento da instalación (campo de fútbol o Xestal), a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable do Director do Servizo Municipal de Deportes, acorda:

- 1º.- Aceptar a xustificación presentada pola entidade Ribadavia Atlético.
- 2º.- Proceder o abono da cantidade estipulada na cláusula 13 do Convenio (1.803 euros).”.

Vista xustificación presentada pola entidade deportiva Rugby Ribeiro C.F. o abeiro do Convenio asinado con data 14 de xullo de 2006, onde se establecían as condicións de cesión de uso e mantemento da instalación (campo de fútbol de San Cristovo), a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable do Director do Servizo Municipal de Deportes, acorda:

- 1º.- Aceptar a xustificación presentada pola entidade Rugby Ribeiro C.F..
- 2º.- Proceder o abono da cantidade estipulada na cláusula 13 do Convenio (1.803 euros).”.

Vista xustificación presentada pola entidade deportiva Francelos C.F. o abeiro do Convenio asinado con data 14 de xullo de 2006, onde se establecían as condicións de cesión de uso e mantemento da instalación (campo de fútbol “Balboa”, Francelos), a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable do Director do Servizo Municipal de Deportes, acorda:

- 1º.- Aceptar a xustificación presentada pola entidade Francelos C.F.
- 2º.- Proceder o abono da cantidade estipulada na cláusula 13 do Convenio (1.803 euros).”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.